

ORDENANZA FISCAL N.º 11.-REGULADORA DA TAXA POLA VENDA AMBULANTE.

CAPÍTULO I.-DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 1.º.-Fundamento legal.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 en relación co 20 da Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, modificada pola Lei 25/98, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público, este Concello establece a taxa pola venda ambulante, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2.-Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a venda ambulante, entendendo como tal a realizada de forma habitual, periódica ou ocasional, fora do establecemento comercial e na vía pública ou en solares e espazos libres, xa sexa en instalacións desmontables ou en vehículos. Non teñen a consideración de venda ambulante as realizadas dentro de recintos ocupados por certames feirais e exposicións.

Para os efectos desta ordenanza, establécense as seguintes modalidades de venda ambulante:

- A) Venda ambulante en postos instalados na vía pública, autorizadas para un número e período determinados.
- B) Venda ambulante mediante camiós ou vehículos autorizados en zonas ou lugares determinados.
- C) Venda en mercados ocasionais con motivo de feiras, festas e acontecementos populares.

Artigo 3.-Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiados ou afectados pola actividade administrativa ou servizo que constitúe o feito imponible desta taxa.

Para exercer-la venda ambulante han reunirse os requisitos sinalados no artigo 10 da Lei 10/88, do 20 de xullo, de Ordenación do Comercio Interior en Galicia:

- Ser comerciante segundo a lexislación mercantil.
- Ter licencia fiscal.
- Cumprir-las obrigas de cotización á Seguridade Social.

CAPÍTULO II.- AUTORIZACIÓNS.

Artigo 4.

Para a autorización municipal para a venda ambulante así como pola renovación anual, os interesados deberán abona-la cantidade de 6.000 pesetas/anuais.

Artigo 5.

Poderán ser titulares dunha autorización municipal as persoas, físicas ou xurídicas, maiores de idade, con plena capacidade xurídica e de obrar, segundo os emprazamentos que se sinalen na autorización.

Artigo 6.

A autorización municipal será persoal e intransferible, quedando prohibida a súa cesión.

Artigo 7.

As autorizacións serán solicitadas no Concello, mediante instancia acompañada dos seguintes documentos:

- a) Fotocopia do D.N.I. ou N.I.F.
- b) Acreditación da persoa ou persoas asalariadas que poderán estar ó cargo do posto ou vehículo, no caso de non se-lo titular da autorización.
- c) Declaración expresa de que se coñecen as normas as que se debe axusta-la actividade.
- d) Xustificante de atoparse ó corrente nas cotizacións da Seguridade Social.
- e) Fotocopia do último recibo do Imposto de Actividades Económicas.
- f) Carné de manipulador de alimentos, cando a venda sexa de produtos que o esixan.

Artigo 8.

As autorizacións outorgadas terán vixencia ata o 31 de decembro do ano en que foron outorgadas, sen prexuízo de que se poida concede-la súa renovación se se solicita na primeira quincena do mes de decembro en que finaliza a súa vixencia.

CAPÍTULO III.-CONDICIÓN DOS POSTOS E VEHÍCULOS.**Artigo 9.**

Para os postos ambulantes os metros solicitados polos comerciantes e concedidos polo Concello non poderán excede-los oito metros.

Artigo 10.

Os postos ou vehículos dedicados á venda de produtos alimenticios contarán con medidas de peso que garantan a cantidade exacta dos artigos que adquire o público.

Artigo 11.

Finalizado o horario de venda, os titulares dos postos terán que deixa-lo lugar ocupado limpo de papeis e desperdicios ou calquera outro obstáculo, debendo deposita-lo lixo en bolsas e deixalas nos colectores do servico municipal de limpeza.

Artigo 12.

Os titulares da venda ambulante terán a disposición dos inspectores designados polo Concello, o documento acreditativo da autorización municipal e o carné de manipulador de alimentos, se este fose preciso.

Artigo 13.

As autorizacións municipais para a colocación de postos determinarán o lugar, días e horarios de emprazamento.

A autorización de venda ambulante por medio de vehículos sinalarán os días e percorridos por onde prestará o servico.

Artigo 14.

O Comerciante que obteña a autorización queda obrigado a abona-los impostos e taxas municipais de acordo coa ordenanza en vigor.

CAPÍTULO IV.-INSPECCIÓN, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

Artigo 15.

Correspóndelle ó veterinario a vixilancia sanitaria, para que os titulares da autorización cumpran coas normas que regulan esta actividade, que deberá:

- a) Comproba-lo estado sanitario dos artigos alimenticios.
- b) Comproba-las condicións hixiénico-sanitarias dos postos, instalacións e vehículos.
- c) Levantar actas das inspeccións efectuadas.
- d) Emitir informes sobre o resultado da inspección e análise que leve a cabo.

Artigo 16.

Ós efectos desta ordenanza as faltas poderán ser leves, graves e moi graves.

Artigo 17.

Consideraranse faltas leves:

- a) Non manter nas debidas condicións de conservación e limpeza os postos, vehículos e accesorios utilizados.
- b) Contratar persoal para posta-lo servicio sen comunica-lo ó Concello.
- c) Calquera outra infracción non cualificada coma falta grave ou moi grave.

Artigo 18.

Consideraranse faltas graves:

- a) A desobediencia das ordes dadas polo Concello para a correcta prestación da venda ambulante.
- b) Venda de alimentos sen reuni-las debidas condicións hixiénico-sanitarias.
- c) Defraudación na cantidade ou calidade dos produtos vendidos.
- d) Venda de produtos alimenticios sen posuí-lo carné de manipulador de alimentos.
- e) Reincidencia de tres faltas leves.

Artigo 19.

Consideraranse faltas moi graves:

- a) O traspaso ou alugueiro da concesión sen a debida autorización municipal.
- b) Reiteración de faltas graves.

Artigo 20.

O Procedemento sancionador poderá acordarse de oficio ou a instancia de parte. Se a falta se tipifica como leve será sancionada pola Alcaldía, previa audiencia do concesionario, con multa de ata 10.000 ptas. previo apercibimento.

Se a falta se tipifica coma grave ou moi grave, aplicarase o procedemento sancionador contemplado na Lei de 10/88, do 20 de xullo, de Ordenación do Comercio Interior de Galicia con multa de ata 15.000 ptas. ou suspensión temporal da autorización de ata 15 días hábiles para as faltas graves e suspensión temporal da autorización de ata dous meses para faltas moi graves.

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno da corporación en sesión extraordinaria celebrada o día vinteseis de outubro de mil novecientos noventa e oito entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 1999, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.